

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 11/2019 (7/2019 DO MANDATO 2019-2023), EXTRAORDINARIA, REALIZADA O MÉRCORES 18 DE DECEMBRO DE 2019 .

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE (AdV)

Concelleiros/as:

Grupo municipal da AdV de Carral

SUSANA GUIMAREY GARCÍA
FRANCISCO JAVIER BELLO HERMIDA
RUBÉN ANTONIO CAAMAÑO RODRÍGUEZ
MARÍA MERCEDES CARIDAD LÓPEZ

Grupo municipal do PP

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO
DAVID FERNÁNDEZ BALSEIRO
MARGARITA RAMILO VARELA
CARLOS BERBEITO REY

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

PABLO COUTO LOPEZ
JESUS JAVIER CETINA MOCHALES
LUCÍA VÁZQUEZ MOURIÑO

Concelleira non adscrita

FLORINDA DUARTE GERPE

Secretario do Concello:

DIEGO GARCIA DOVAL

NON ASISTE

Interventora do Concello


NOEMI GONZALEZ MATO

[A solicitude do señor Alcalde, tamén está presente na sesión a técnica de Administración xeral do Concello, D^a Sonia Campos Ares]

HORA DE INICIO: 20:31

HORA DE REMATE: 21:03

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 20:31 do mércores 18 de decembro de 2019, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 13 de decembro de 2019 e, tendo en conta a necesidade de adoptar os acordos que se propoñen á maior brevidade posible e dentro dos prazos establecidos en cadanseu expediente, con anterioridade á data prevista para a seguinte sesión ordinaria do



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Pleno, reúnen-se en sesión 11/2019 (7/2019 do mandato 2019-2023), extraordinaria, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación das actas das sesións 7/2019, extraordinaria organizativa (2ª), do 24 de xullo de 2019, e 8/2019, ordinaria, do 26 de setembro de 2019.
- 2.- Proposta da Alcaldía ao Pleno para a participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020", da Deputación Provincial da Coruña.
- 3.- Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación inicial, no que corresponde ao Concello de Carral, de estatutos para a constitución dunha agrupación cos Concellos de Abegondo, Bergondo e Miño para o sostemento en común do posto de Tesouraría, que ocupará un/ha funcionario/a de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS 7/2019, EXTRAORDINARIA ORGANIZATIVA (2ª), DO 24 DE XULLO DE 2019, E 8/2019, ORDINARIA, DO 26 DE SETEMBRO DE 2019.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación ás actas das sesións nº 7/2019, extraordinaria organizativa (2ª), do 24 de xullo de 2019 e 8/2019, ordinaria, do 26 de setembro de 2019.


Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación as actas, e estas son aprobadas, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron ás sesións referidas entre os presentes nesta .

2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2020", DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, con sinatura electrónica do 10 de decembro de 2019, como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Asunto: Participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020, da Deputación Provincial da Coruña.

Logo de ver que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data do 25 de outubro de 2019 aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020", que foron publicadas no BOP nº 208, do 31 de outubro de 2019.

Logo de ver que, mediante unha circular do 28 de outubro de 2019, se comunicou ao Concello de Carral que a cantidade que lle foi asignada logo da aplicación dos criterios de reparto sinalados nas devanditas bases é a de 376.180,91 euros (Achega provincial 2020: 174.541,57 €; Achega provincial 2019: 42.240,65 €; Préstamo provincial 2020: 159.398,69 €).

Logo de ver a base 5ª das reguladoras do POS+ 2020, na que se indica a documentación que se ha de remitir coa solicitude.

Logo de ver a "**Memoria do Plan (POS+ 2020)**" (**Anexo II**) asinada polo señor Alcalde con data do 05 de decembro de 2019.

Logo de ver, en relación co **POS+ PROVEDORES** o "informe coa relación de facturas pendentes de pago con provedores, de importe igual ou superior a 100,00 €, para as que se aplica financiamento provincial con cargo ao POS+2020" (**anexo III-b**), emitido pola Interventora do Concello con data do 05 de decembro de 2019 (por importe de 7.557,66 €).

Logo de ver, en relación ao **POS+ GASTOCORRENTE** o "informe sobre a previsión de gastos correntes para o exercicio 2020" (**anexo IV**), emitido pola Interventora do Concello con data do 05 de decembro de 2019, por importe total de 432.773,04 €.

Logo de ver, en relación co **POS+ OBRASSUM**, a documentación correspondente ás seguintes obras:

1).-ACHEGA PROVINCIAL 2020 .

A).- "Proyecto de mejora de senda peatonal para acceso al Área recreativa de A Brexa", (**Mellora de senda peonil para acceso á Área Recreativa da Brexa**), elaborado polo arquitecto técnico Colexiado nº 1.810, Diego Manuel Rivas Rodríguez (quen o asina dixitalmente con data do 03 de decembro de 2019).

Logo de ver o informe técnico sobre o investimento (anexo V), emitido para o Concello con data do 05 de decembro de 2019 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal " (...)De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:

AUTORIZACIÓNS


A actuación precisa da autorización da Demarcación de estradas do estado en Galicia, por realizarse parte das obras na zona de afección da Estrada N550, A Coruña Tui. O Concello solicitou a autorización o 05/12/2019 mediante o SIR con rexistro número 201990000001619.

A actuación precisa da autorización de Augas de Galicia, por realizarse parte das obras na zona de policía do río Brexa e de un regato sen nome. O Concello solicitou a autorización o 05/12/2019 mediante o SIR con rexistro número 201990000001618

SUPERVISIÓN TÉCNICA

Segundo o artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto

FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 13 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

LOTES (marcar o que proceda)

- Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.
- Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

- Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
- Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
- Outros motivos técnicos (especificar)

ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa súa natureza

APTITUDE URBANÍSTICA

Os terreos están clasificados como solo rústico e solo de núcleo rural, e son os apropiados para o acondicionamento de un camiño existente.

COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO

O proxecto ven redactado por Diego Manuel Rivas Rodríguez, Arquitecto técnico Colexiado 1810, e polo tanto conta coa competencia precisa para realizar o proxecto segundo o sinalado na Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre regulación das atribucións profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros técnicos

OUTRAS CUESTIÓNS

Proxéctase dotar a senda cun pavimento tipo Aripaq, acorde coa contorna, resistente ás inclemencias do tempo, e que harmonice coa zona do río dá Brexa, onde se sitúa a área recreativa. Preténdese corrixir o impacto visual que a senda actual produce (actualmente está en saburra), adecuándoa á contorna onde se sitúa, mellorar o acceso á contorna do río e facilitar o acceso a persoas de mobilidade reducida.

Como medida para mellorar a visibilidade da senda e ampliar o seu horarios de uso proxéctase a colocación de balizas no perímetro do mesmo.

Na zona onde se entronca coa N-550, polo acceso de vehículos a unha vivenda unifamiliar existente no inicio da senda, proxéctase un pavimento de formigón en masa acabado con cor similar ao do pavimento tipo Aripaq proxectado nas senda.

É todo canto teño a ben informar.

”.


Logo de ver, por outra banda, o informe técnico xurídico emitido o 05 de decembro de 2019 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez e pola técnica de administración xeral do Concello, D^a Sonia Campos Ares, no que, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, se indica que: “(...)

III.-Consideracións técnicas.

a).-Clasificación e cualificación do solo.

*Os terreos nos que se vai a realizar a actuación, realizarase nunha vía de dominio público do Concello de Carral, que transcorre por terreos **clasificados como solo rústico e como solo de núcleo rural.***

b).-Finalidade da actuación e uso.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O uso para o que se solicita autorización é para a **mellora de un camiño existente**, polo que se da cumprimento ao sinalado no artigo 37 da LSG no que se indica que “No solo rústico non está permitida a apertura de camiños que non estean expresamente recollidos no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, agás no caso dos camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, de minas, de montes ou de ambiente.”

En este caso, non se trata da apertura de un camiño, xa que o camiño é existente.

c).-Características da actuación.

A obra consiste en dotar a senda cun pavimento tipo Aripaq, acorde coa contorna, resistente ás inclemencias do tempo, e que harmonice coa zona do río dá Brexa, onde se sitúa a área recreativa. Preténdese corrixir o impacto visual que a senda actual produce (actualmente está en saburra), adecuándoa á contorna onde se sitúa, mellorar o acceso á contorna do río e facilitar o acceso a persoas de mobilidade reducida.

Como medida para mellorar a visibilidade da senda e ampliar o seu horarios de uso proxéctase a colocación de balizas no perímetro do mesmo.

Na zona onde se entronca coa N-550, polo acceso de vehículos a unha vivenda unifamiliar existente no inicio da senda, proxéctase un pavimento de formigón en masa acabado con cor similar ao do pavimento tipo Aripaq proxectado nas senda.

d).-Orzamento

O orzamento de execución material, é de 26.183,61 euros en tanto que o orzamento de licitación é de 37.701,79 euros (21% IVE incluído).

e).-Dispoñibilidade dos terreos.

No proxecto ven indicado que a actuación prevista, se realiza na senda existente que transcorre dende a N550, estrada da Coruña a Tui; á área recreativa da Brexa, área de espaxamento municipal ao aire libre, na contorna do río Brexa.

A parte final da senda (a parte da área recreativa da Brexa) que se pretende acondicionar, está nas parcelas con referencia catastral 15021A015000530000RH, 15021A015000540000RW, 15021A015000550000RA, e 15021A015002760000RH, que son de titularidade do Concello de Carral, xuntase certificado catastral de ditas parcelas.

A parte inicial da senda (dende o cruce da N550), aparece como un baleiro na cartografía catastral sen bens que se poidan certificar. Esta parte inicial, aparece tamén debuxado nos planos das NSMP do Concello de Carral, e de xeito practicamente coincidente coa cartografía catastral.

Polo tanto, a obra en cuestión discorre por camiño público no tramo sinalado pola normativa urbanística municipal con inclusión do acondicionamento no interior da parcela municipal que dá acceso á área recreativa da Brexa, existindo, en todo caso, e en toda a súa lonxitude, dispoñibilidade dos terreos afectados.


f).-Autorizacións sectoriais

A autorización urbanística enténdese sen prexuízo das preceptivas autorizacións sectoriais.

A actuación precisa da autorización da Demarcación de estradas do estado en Galicia, por realizarse parte das obras na zona de afección da Estrada N550, A Coruña Tui. O Concello solicitou a autorización o 05/12/2019 mediante o SIR con rexistro número 201990000001619.

A actuación precisa da autorización da Auga de Galicia, por realizarse parte das obras na zona de policía do río Brexa e de un regato sen nome. O Concello solicitou a autorización o 05/12/2019 mediante o SIR con rexistro número 201990000001618.

Non consta no expediente a necesidade de outras autorizacións sectoriais para a realización da actuación.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

IV.-Conclusións:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada ás que se someten os técnicos que subscriben este informe; **infórmase favorablemente a compatibilidade urbanística do “PROXECTO DE MELLORA DA SENDA PEONIL PARA ACCESO Á ÁREA RECREATIVA DE A BREXA”, nos termos indicados neste informe. (...)**”

Logo de ver, asemade, o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI), emitido o 10 de decembro de 2019 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.

Logo de ver, por último en relación con este proxecto, o decreto da Alcaldía do 10 de decembro de 2019 polo que se resolve non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020, con base nos informes técnicos que nel se detallan.

B).-“Proyecto de construcción de muro de granito y acondicionamiento del entorno para aparcamiento. Lugar de Bacelo (Santa Baia de Cañás)”, (**Construción de muro de contención de granito e acondicionamento da contorna para aparcadoiro no lugar de Bacelo (Santa Baia de Cañás)**), elaborado polo arquitecto técnico colexiado nº 1.810, Diego Manuel Rivas Rodríguez (quen o asina dixitalmente con data do 03 de marzo de 2019).

Logo de ver o informe técnico sobre o investimento (anexo V), emitido para o Concello con data do 05 de decembro de 2019 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal “ (...)De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:

AUTORIZACIÓNS

O proxecto precisa da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo.

A solicitude da autorización se realizou o 07/03/2019 e a autorización tivo entrada no Concello o 19/07/2019 mediante escrito co rexistro número 201900000001672, no que se traslada a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre un ben do patrimonio cultural de Galicia.

A autorización non impoñe condicións ao proxecto presentado.

SUPERVISIÓN TÉCNICA

Segundo o artigo 235 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto


FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 13 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

LOTES (marcar o que proceda)

- Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.
- Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

- Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
- Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Outros motivos técnicos (especificar)

ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa súa natureza.

APTITUDE URBANÍSTICA

O uso para o que se solicita autorización é para a construción de un muro e a ampliación de unha vía existente para a creación de un aparcamento, nun terreo clasificado como solo rústico. Se da cumprimento ao sinalado no artigo 37 da LSG, e polo tanto os terreos teñen a aptitude urbanística necesaria para a súa realización-

COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO

O proxecto ven redactado por Diego Manuel Rivas Rodríguez, Arquitecto técnico colexiado 1810, e polo tanto conta coa competencia precisa para realizar o proxecto segundo o sinalado na Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre regulación das atribucións profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros técnicos

OUTRAS CUESTIÓNS

Se pretende o acondicionamento dunha zona anexa a Igrexa e o cemiterio de Cañás para o estacionamento de vehículos, debido a que na actualidade carécese dunha zona propia. A creación da zona de aparcamento obriga a desmontar parte do terreo que se vai a ocupar e a contención do terreo da parcela existente. Para iso procederase á construción dun muro de bloques de granito de 1 metro de espesor, ata unha altura de 2 metros, sobre o que se colocará un cerramento constituído por malla metálica plastificada e postes galvanizados plastificados cor verde.

É todo canto teño a ben informar.

”.

Logo de ver, por outra banda, o informe técnico xurídico emitido o 05 de decembro de 2019 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez e pola técnica de administración xeral do Concello, D^a Sonia Campos Ares, no que, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, se indica que: “(...)

III.-Consideracións técnicas.

a).-Clasificación e cualificación do solo.

Os terreos nos que se vai a realizar a actuación, realizarase nunha vía de dominio público do Concello de Carral, que transcorre por terreos clasificados como solo rústico.


b).-Finalidade da actuación e uso.

O uso para o que se solicita autorización é para a construción de un muro, e a ampliación de unha vía existente para a creación de un aparcamento, polo que se da cumprimento ao sinalado no artigo 37 da LSG no que se indica que “No solo rústico non está permitida a apertura de camiños que non estean expresamente recollidos no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, agás no caso dos camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, de minas, de montes ou de ambiente.”

En este caso, non se trata da apertura de un camiño, xa que o camiño é existente, e soamente se amplía un lateral para poder aparcas os vehículos.

A construción de un muro é un uso permitido segundo o sinalado no artigo 35 da LSG

c).-Características da actuación.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

A obra consiste no acondicionamento dunha zona anexa a Igrexa e o cemiterio de Cañas para o estacionamento de vehículos, debido a que na actualidade carécese dunha zona propia. A creación da zona de aparcamento obriga a desmontar parte do terreo que se vai a ocupar e a contención do terreo da parcela existente. Para iso procederase á construción dun muro de bloques de granito de 1 metro de espesor, ata unha altura de 2 metros, sobre o que se colocará un cerramento constituído por malla metálica plastificada e postes galvanizados plastificados cor verde..

d).-Orzamento

O Orzamento de Execución Material é de 27.706,79 euros e o Orzamento de licitación (IVE 21% incluído) é de 38.895,01 euros.

e).-Autorizacións sectoriais:

O proxecto precisa da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo.

A solicitude da autorización se realizou o 07/03/2019 e a autorización tivo entrada no Concello o 19/07/2019 mediante escrito co rexistro número 20190000001672, no que se traslada a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre un ben do patrimonio cultural de Galicia.

Non consta a necesidade de outras autorizacións sectoriais.

f).-Dispoñibilidade dos terreos

Os terreos precisos para a realización da obra de "MURO DE CONTENCIÓN DE GRANITO E ACONDICIONAMIENTO DA CONTORNA PARA APARCAMENTO" son a vía municipal que ten a referencia catastral 15021A501090240000EG, e que ven detallado no proxecto, e parte das parcelas catastrais, 15021A501002140000EU, 15021A501006000000EH e 15021A501004790000EQ, que foron cedidas polos seus propietarios ao Concello de Carral, existindo dispoñibilidade física de ditos terreos.

Existe dispoñibilidade dos terreos tralos convenios subscritos entre este Concello e os propietarios da parcela catastral con referencia 15021A501006000000EH propiedade de don Luís Emilio Boga Ramos e de dona M^a Teresa Boga Ramos, asinado o 29 de xaneiro de 2019, e os propietarios das parcelas catastrais con referencia 15021A501004790000EQ e 15021A501002140000EU propiedade de dona Josefa Seoane Boga e de don José Antonio Seoane Boga, asinado o 31 de xaneiro de 2019, para tal fin.

IV.-Conclusións:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; infórmase favorablemente a compatibilidade urbanística do proxecto para o "MURO DE CONTENCIÓN DE GRANITO E ACONDICIONAMIENTO DA CONTORNA PARA APARCAMENTO.", nos termos indicados neste informe.


É todo canto temos a ben informar.

(...)"

Logo de ver, asemade, o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI), emitido o 10 de decembro de 2019 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.

Logo de ver, por último en relación con este proxecto, o decreto da Alcaldía do 10 de decembro de 2019 polo que se resolve non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020, con base nos informes técnicos que nel se detallan.

2).-ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles).



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

A).-“Proyecto de acondicionamiento Pabellón polideportivo municipal O Espiño”, (**Acondicionamento do pavillón polideportivo municipal do Espiño**), elaborado polo arquitecto técnico colexiado nº 1.810, Diego Manuel Rivas Rodríguez (quen o asina dixitalmente con data do 03 de decembro de 2019).

Logo de ver o informe técnico sobre o investimento (anexo V), emitido para o Concello con data do 05 de decembro de 2019 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal “ (...)De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:

AUTORIZACIÓNS

O proxecto non precisa autorizacións de ningún organismo sectorial. As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor (artigo 147.2 da LSG)

SUPERVISIÓN TÉCNICA

Segundo o artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto

FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

LOTES (marcar o que proceda)

- Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.
- Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

- Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
- Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
- Outros motivos técnicos (especificar)

ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa súa natureza

APTITUDE URBANÍSTICA


Toda vez que as obras teñen a consideración de obras de conservación segundo o sinalado no RLSG, o edificio no que se vai a realizar a actuación ten a aptitude urbanística precisa para realizar o proxectado.

COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO

O proxecto ven redactado por Diego Manuel Rivas Rodríguez, Arquitecto técnico colexiado 1810, e polo tanto conta coa competencia precisa para realizar o proxecto de estas obras de conservación, que segundo o artigo 2.2.b) da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación non teñen a consideración de obras de edificación.

OUTRAS CUESTIÓNS

A obra consiste na, limpeza das fachadas mediante lavado con máquina de auga a presión, limpeza dos perfís metálicos, retirando a capa de óxido, aplicación de pintura plástica, incluíndo a selaxe das xuntas existentes, aplicación de pintura plástica laxa mate en paramentos interiores do pavillón, aplicación de esmalte sintético sobre perfís de aceiro existentes, e colocación de chapa encartada de aceiro prelacado, e a colocación de reixa de intemperie de chapa de aceiro galvanizado antichoiva e malla metálica e protección anti paxaros e anti insectos, para a ventilación do pavillón. Son polo tanto obras de conservación da edificación existente.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

É todo canto teño a ben informar.”.

Logo de ver, por outra banda, o informe técnico xurídico emitido o 05 de decembro de 2019 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez e pola técnica de administración xeral do Concello, D^a Sonia Campos Ares, no que, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, se indica que: “(...)III.-**Consideracións técnicas.**

a).-Clasificación e cualificación do solo.

Os terreos nos que se vai a realizar a actuación, se corresponden coa referencia catastral 000700900NH58E0001WL, e está na seguinte delimitación de solo:

Solo Non Urbanizable Común. Ordenanza SNUC

En aplicación do réxime transitorio da Lei 2/2016 (LSG), para os municipios con planeamento non adaptado será de aplicación o disposto na Disposición transitoria primeira da Lei, e segundo o disposto no apartado “2.d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.”

Así pois o solo estaría clasificado como solo rústico de protección ordinaria, e as condicións de uso son as establecidas na Lei 2/2016 do Solo de Galicia. Logo de consultar o PBA para saber as afeccións sectoriais que lle afectan á parcela, as categorías do solo rústico que lle corresponden á parcela son: solo rústico de protección ordinaria.

Sendo usos permitidos, os sinalados no artigo 35 da LSG, e as condicións xerais das edificacións no solo rústico as sinaladas no artigo 39 da LSG. Os equipamentos deportivos, son usos permitidos na letra p) do artigo 35 da LSG.

b).-Finalidade da actuación e uso.

O uso para o que se solicita autorización é para as obras de conservación do pavillón polideportivo O Espiño e que polo tanto serían autorizables, en calquera caso segundo o sinalado no artigo 90.1 da LSG.

c).-Características da actuación.

A obra consiste na, limpeza das fachadas mediante lavado con máquina de auga a presión, limpeza dos perfís metálicos, retirando a capa de óxido, aplicación de pintura plástica, incluíndo a selado das xuntas existentes, aplicación de pintura plástica laxa mate en paramentos interiores do pavillón, aplicación de esmalte sintético sobre perfís de aceiro existentes, e colocación de chapa encartada de aceiro prelacado, e a colocación de reixa de intemperie de chapa de aceiro galvanizado anti choiva e malla metálica e protección anti paxaros e anti insectos, para a ventilación do pavillón. Son polo tanto obras de conservación da edificación existente.

d).-Orzamento

O Orzamento de Execución Material é de 23.945,72 euros e o Orzamento de licitación (IVE 21% incluído) é de 34.479,43 euros.

e).-Autorizacións sectoriais:


A autorización urbanística enténdese sen prexuízo das preceptivas autorizacións sectoriais.

O proxecto non precisa autorizacións sectoriais.

IV.-Conclusións:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; **infórmase favorablemente a compatibilidade urbanística do proxecto para o “PROXECTO DE ACONDICIONAMIENTO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL O ESPÍÑO.”**, nos termos indicados neste informe.

É todo canto temos a ben informar. (...)”



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Logo de ver, asemade, o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI), emitido o 10 de decembro de 2019 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.

Logo de ver a memoria económica da Alcaldía, con data do 04 de decembro de 2019, sobre o investimento financeiramente sostible (anexo VII).

Logo de ver o “informe da Intervención específico do investimento financeiramente sostible solicitado” (anexo VIII), emitido en relación a este proxecto pola Interventora do Concello con data do 04 de decembro de 2019, coa seguinte “Conclusión: O proxecto arriba indicado, cumpre os requisitos para ser considerado financeiramente sostible”.

Logo de ver, por último, en relación con este proxecto, o decreto da Alcaldía do 10 de decembro de 2019 polo que se resolve non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020, con base nos informes técnicos que nel se detallan.

3).-PLAN COMPLEMENTARIO 2020. Inversións financeiramente sostibles (por un importe total mínimo do 50% da suma dos tres tipos de achega provincial asignada) .

“Nuevo saneamiento en San Vicente de Vigo, fase 2, Carral”, **(Novo saneamento en San Vicente de Vigo (fase 2) Carral)** elaborado pola enxeñeira de camiños, canles e portos colexiada nº 16.810, Ana María García Mayo (quen o asina dixitalmente con data do 02 de decembro de 2019).

Logo de ver o informe técnico sobre o investimento (anexo V), emitido para o Concello con data do 05 de decembro de 2019 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal “ (...)De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:

AUTORIZACIÓNS

O proxecto precisa autorización de augas de Galicia xa que as obras, se van a realizar en zona de afección de un regato que desemboca no río Brexa A autorización se solicitou o día 05/12/2019 con número de rexistro no SIR 201990000001622.

O proxecto precisa autorización da Deputación de A Coruña xa que as obras afecta á estrada DP1704 e á estrada DP0106. A autorización se solicitou o día 05/12/2019 con número de rexistro no SUBTEL 2019999000077132.

O proxecto precisa autorización da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, da Consellería de Economía emprego e industria, xa que parte das obras se van a realizar en zona de afección do Gasoducto Abegondo a Arteixo. A autorización se solicitou o día 05/12/2019 con número de rexistro no SIR 201990000001623.


O proxecto precisa autorización de patrimonio xa que parte das obras se van a realizar no ámbito de protección da Torre de Balben, que resulta ser un BIC. A autorización se solicitou o día 05/12/2019 con número de rexistro no SIR 201990000001624.

SUPERVISIÓN TÉCNICA

Segundo o artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto.

FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)

No título do proxecto se indica que é a fase 2 do NOVO SANEAMIENTO EN SAN VICENTE DE VIGO, pero se trata dunha obra completa, no sentido de que é susceptible de ser entregada ao uso xeral, e comprende todos e cada un dos elementos que son precisos para a utilización da obra, e así o xustifican a técnica redactora do proxecto no punto 17 da memoria descriptiva, estando polo tanto de acordo ao establecido no artigo 13.3 da Lei 9/2017, de contratos do sector público



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

LOTES (marcar o que proceda)

Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

- Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
- Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
- Outros motivos técnicos (especificar)

ESTUDO XEOTÉCNICO

En cumprimento do establecido no apartado 3 do artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e considerando as características dos terreos sobre os que se van a executar as obras, e o tipo de obra que se vai a realizar, se considera incompatible coa natureza da obra a realización de un estudo xeotécnico, que inclúa calicatas e ensaios do terreo. Non obstante, os técnicos redactores incluíron no proxecto un Anexo 2, Xeoloxía e Xeotecnia, no que se aborda a caracterización xeolóxico-xeotécnica da zona na que va a realizarse a obra

APTITUDE URBANÍSTICA

O proxecto, realizarase en vías de dominio público do Concello de Carral, e da Deputación de A Coruña, que transcorre por terreos clasificados como solo rústico e como solo de núcleo rural.

No solo rústico, as obras de saneamento, están permitidas polo punto m) do artigo 35.1 da LSG, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos cales discorren. En este caso, non se realiza unha transformación urbanística dos terreos rústicos.

No solo de núcleo rural, as obras de saneamento, son as de establecemento de unha rede de servizo, que é a propia dunha dotación de infraestruturas de comunicación viaria existente.

COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO

O proxecto ven redactado por Ana M. García Mayo, Enxeñeira de camiños, canles e portos, colexiada 16810, polo que é competente para a realización do proxecto.

OUTRAS CUESTIÓNIS

O proxecto inclúe catro colectores, denominados tramos A, B, C e D, que se describen a continuación: Ramal A, de 1.690 m de lonxitude, con tubaxe de PVC de 250 mm e 315 mm de diámetro, e que atravesa a estrada provincial DP-0107 a través dunha perforación horizontal dirixida.

Ramal B, de 1.007 m de lonxitude, con tubaxe de PVC de 315 mm de diámetro, e ao que acomete o ramal A. Este tramo B conéctase cun dos tramos deseñado no proxecto "Novo saneamento en San Vicente de Vigo (Carral) (Fase 1)" no seu punto máis baixo. Neste tramo constrúense 17 pozos de rexistro e 9 pozos de resalto.


Ramal C, de 402 m de lonxitude, con tubaxe de PVC de 315 mm e 250 mm de diámetro que conecta cun pozo proxectado en "Novo saneamento en San Vicente de Vigo (Carral) (Fase 1)", no seu punto máis baixo..

Ramal D, de 260 m de lonxitude, que se constrúe integramente con tubaxe de PVC de 250 mm de diámetro.

É todo canto teño a ben informar."

Logo de ver, por outra banda, o informe técnico xurídico emitido o 05 de decembro de 2019 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez e pola técnica de administración xeral do Concello, D^a Sonia Campos Ares, no que, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, se indica que: "(...)III.-Consideracións técnicas.

a).-Clasificación e cualificación do solo.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O proxecto, realizarase en vías de dominio público do Concello de Carral, e da Deputación de A Coruña, que transcorre por terreos **clasificados como solo rústico e como solo de núcleo rural**.

No solo rústico, as obras de saneamento, están permitidas polo punto m) do artigo 35.1 da LSG, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos cales discorren. En este caso, non se realiza unha transformación urbanística dos terreos rústicos, xa que unicamente se proxecta un colector que vai a levar a instalación cara a estación depuradora.

No solo de núcleo rural, as obras de saneamento, son as de establecemento de unha rede de servizo, que é a propia dunha dotación de infraestruturas de comunicación viaria existente

b).-Finalidade da actuación e uso.

O uso para o que se solicita autorización é para a instalación de saneamento (servizos urbanos) nunha dotación de infraestruturas de comunicación viaria existente, polo que se da cumprimento ao sinalado no artigo 37 da LSG no que se indica que "No solo rústico non está permitida a apertura de camiños que non estean expresamente recollidos no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, agás no caso dos camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, de minas, de montes ou de ambiente." Os camiños son existentes e non se transforma a natureza do solo rústico.

c).-Características da actuación.

A obra consiste na instalación soterrada de catro colectores, denominados tramos A, B, C e D, que se describen a continuación:

Ramal A, de 1.690 m de lonxitude, con tubaxe de PVC de 250 mm e 315 mm de diámetro, e que atravesa a estrada provincial DP-0107 a través dunha perforación horizontal dirixida.

Ramal B, de 1.007 m de lonxitude, con tubaxe de PVC de 315 mm de diámetro, e ao que acomete o ramal A. Este tramo B conéctase cun dos tramos deseñado no proxecto "Novo saneamento en San Vicente de Vigo (Carral) (Fase 1)" no seu punto máis baixo.

Ramal C, de 402 m de lonxitude, con tubaxe de PVC de 315 mm e 250 mm de diámetro que conecta cun pozo proxectado en "Novo saneamento en San Vicente de Vigo (Carral) (Fase 1)", no seu punto máis baixo..

Ramal D, de 260 m de lonxitude, que se constrúe integramente con tubaxe de PVC de 250 mm de diámetro..

d).-Orzamento

O Orzamento de Execución Material é de 168.066,31 euros e o Orzamento de licitación (IVE 21% incluído) é de 241.998,68 euros.

e).-Autorizacións sectoriais:


A autorización urbanística enténdese sen prexuízo das preceptivas autorizacións sectoriais.

O proxecto precisa autorización de augas de Galicia xa que as obras, se van a realizar en zona de afección de un regato que desemboca no río Brexa A autorización se solicitou o día 05/12/2019 con número de rexistro no SIR 20199000001622.

O proxecto precisa autorización da Deputación de A Coruña xa que as obras afecta á estrada DP1704 e á estrada DP0106. A autorización se solicitou o día 05/12/2019 con número de rexistro no SUBTEL 201999900077132.

O proxecto precisa autorización da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, da Consellería de Economía emprego e industria, xa que parte das obras se van a realizar en zona de afección do Gasoducto Abegondo a Arteixo. A autorización se solicitou o día 05/12/2019 con número de rexistro no SIR 201990000001623.

O proxecto precisa autorización de patrimonio xa que parte das obras se van a realizar no ámbito de protección da Torre de Balben, que resulta ser un BIC. A autorización se solicitou o día 05/12/2019 con número de rexistro no SIR 201990000001624.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O proxecto non precisa outras autorizacións sectoriais.

IV.-Conclusións:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; **infórmase favorablemente a compatibilidade urbanística do proxecto para o “NOVO SANEAMENTO EN SAN VICENTE DE VIGO. FASE 2 (CARRAL)”**, nos termos indicados neste informe.

É todo canto temos a ben informar. (...)”

Logo de ver, asemade, o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI), emitido o 10 de decembro de 2019 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.

Logo de ver a memoria económica da Alcaldía, con data do 05 de decembro de 2019, sobre o investimento financeiramente sostible (anexo VII).

Logo de ver o “informe da Intervención específico do investimento financeiramente sostible solicitado” (anexo VIII), emitido en relación a este proxecto pola Interventora do Concello con data do 05 de decembro de 2019, coa seguinte “Conclusión: O proxecto arriba indicado, cumpre os requisitos para ser considerado financeiramente sostible”.

Logo de ver, en relación con este proxecto, o decreto da Alcaldía do 10 de decembro de 2019 polo que se resolve non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020, con base nos informes técnicos que nel se detallan.

Logo de ver, por último, en relación con este proxecto, o informe da Secretaría do Concello sobre os investimentos relativos ao ciclo da auga (Anexo X).

4).-PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020.

Logo de ver que non se estima conveniente solicitar esta liña de financiamento.

Á vista da devandita documentación e segundo a base 5ª das que regulan o POS+ 2020, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes

ACORDOS


1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

A).- Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	7.557,66 €	0€	7.557,66 €
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0€	0€	0€
Subtotal pago a provedores	7.557,66 €	0€	7.557,66 €

B).- Financiamento de gastos correntes:

Deputación



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	97.944,77 €
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	0€
Subtotal gasto corrente	97.944,77 €

C).- Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
<i>Mellora de senda peonil para acceso á Área Recreativa da Brexa</i>	37.701,79 €	0 €	37.701,79 €
<i>Construción de muro de contención de granito e acondicionamento da contorna para aparcadoiro no lugar de Baceo (Santa Baia de Cañás)</i>	38.895,01 €	0 €	38.895,01 €
Subtotal investimentos achega provincial 2020	76.596,80 €	0 €	76.596,80 €

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
<i>Acondicionamento do pavillón polideportivo municipal do Espiño</i>	34.479,43 €	0€	34.479,43 €
Subtotal investimentos achega provincial 2019	34.479,43 €	0€	34.479,43 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	0€	0€	0€


Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D).- Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	do PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0€

E) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	7.557,66 €	
	Achega 2020	0€	0€



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	97.944,77 €		97.944,77 €
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)	0€		0€
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020	76.596,80 €	0€	76.596,80 €
	Achega 2019	34.479,43 €	0€	34.479,43 €
	Préstamo 2020	0€	0€	0€
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020	0€		0€
TOTAL	Achega 2020	174.541,57 €	0€	174.541,57 €
	Achega 2019	42.037,09€	0€	42.037,09€
	Préstamo 2020	0€	0€	0€
	TOTAL	216.578,66€	0€	216.578,66€

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Novo saneamento en San Vicente de Vigo (fase 2) Carral	241.998,68 €
TOTAIS	241.998,68 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias (xa que foron solicitadas e/ou outorgadas, segundo se indica en cada caso no expediente).

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

”

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 6/2019, extraordinaria, realizada o 13 de decembro de 2019, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, cos votos a favor dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV), do PSdeG-PSOE (que supoñen oito votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordo plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV e 3 PSdeG-PSOE) e coa abstención do señor representante do grupo municipal do PP e da señora concelleira non adscrita (que supoñen cinco votos: 4 votos PP e 1 da señora concelleira non adscrita en voto ponderado, segundo o indicado).


O señor Alcalde explica a proposta, e le os aspectos que considera fundamentais de cada unha das actuacións cuxa inclusión se propón na solicitude, e engade que non se vai solicitar o préstamo previsto nas bases.

DEBATE

A señora Duarte Gerpe (concelleira non adscrita) maniféstase sorprendida, xa que que non oiu na comisión que se falase da obra proposta para o POS+ complementario correspondente ao saneamento en San Vicente. O señor Alcalde replícalle que si se falou do complementario e que, en calquera caso, estaba por escrito na proposta que se puxo a disposición de todos os membros da Corporación. A señora Duarte reitera que, na súa opinión, non se dixo na comisión informativa, que non se leu a proposta e que o señor Couto López (2º Tenente de Alcalde) permaneceu na sesión co permiso do señor Alcalde. O señor Alcalde reitera que, en calquera caso, está na proposta escrita levada á sesión da comisión informativa e a esta sesión plenaria.

Por outra banda, a señora Duarte Gerpe pregunta cal foi a contía da subvención do POS+ para 2020, ao que o señor Alcalde resposta que a cantidade comunicada pola Deputación Provincial da Coruña é de 376.180,91 €, mentres que a correspondente ao POS+2019 foi de 551.748,13 €.

A señora Duarte Gerpe indica que faltan máis de 100.00 €, ao que o señor Alcalde replica preguntándolle que quere que faga. A señora Duarte Gerpe resposta instando ao señor Alcalde a que mire por que falta esa cantidade. Engade que se vai abster pois, aínda que está de acordo coas obras propostas, considera que hai outras prioridades coma unha cuberta da pista polideportiva do colexio, e opina que podería buscarse financiamento para a obra. No referente á senda da Brexa, manifesta que non sabe que material se vai empregar, mais opina que debería seguir verde e non para circular coches. Lembra que hai menos dun mes se retirou o camiño de Ans porque se dicía que non levaba a ningún sitio, a unha braña, e opina que non lle parece normal meterse agora na área da Brexa sen respetar o entorno.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)


Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta que ás veces é mellor estar calado que falar, e explica que o material proposto (Aripaq) é o que usa parques Naturais de España en camiños de zonas protexidas, pois nin aglomeran nin formigonan. Pide que non terxiverse, pois coida que a medida proposta é a máis sostible, sen superar nin un milímetro máis abaixo o camiño que xa está aberto. Engade que tamén se contén na proposta a obra do aparcadoiro en Cañas sobre o que se "*cansaron de patalear*", recuperando o traballo realizado polo señor Montes, e co que se pretende solucionar a saturación da estrada cando se realizan oficios na igrexa. No tocante á obra proposta para o pavillón, explica que había un orzamento dunha empresa de Carral, e que houbo que baixar o orzamento ad obra proposta para o POS, por non haber aínda Goberno da Nación que aprobe o teito de gasto, mais indica que espera que se incremente o importe final do POS mediante plans adicionais, coma todos os anos, xa que confía na palabra da Deputación ao respecto. En relación coa obra de saneamento proposta, explica que se refire a unha parroquia que ten unha depuradora aos seus pés, e para a que xa se aprobou unha primeira fase que xa consideraron escasa. Engade que, coa obra proposta, se cubrirán arredor de dous tercios da parroquia e que haberá que esperar á colaboración supramunicipal para a parte restante da obra, que tamén serviría a Abegondo e Cambre, polo que entende que se debería executar mediante a colaboración dos tres Concellos ou da Augas de Galicia ou da Deputación.

O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) manifesta que lle sorprende o cambio da cantidade asignada. Agradece que se introduza a obra do aparcadoiro na solicitude mais engade que, sumando os importes das obras e , tendo en conta que había unha partida para obras no pavillón, que se retirou para o financiamento do servizo de axuda no fogar, e que dicían que se ía substituír por un proxecto máis ambicioso, parécelle que non lida o total, ao que o señor Alcalde resposta explicando que lle falta sumar os importes destinados a provedores e gasto corrente.

O señor Fernández Mouriño agradece que se diga a cantidade, pois non asistiu á comisión informativa, e sorprendíalle que non se tivese falado das cantidades para provedores e gasto corrente. Engade que lle parece necesario mais escaso, e que hai uns días presentou o seu grupo unha moción requirindo ao Goberno de España para que pagase as súas débedas ás comunidades autónomas e aos entes locais e "*desas gotas veñen estas mareas*". Explica que o ano pasado, ademais dos arredor de 500.000 euros, en agosto houbo a primeira fase do adicional do POS+2019, e manifesta que lle sorprende que o señor Couto considere "*con lixeireza*" como se houbese adicionais só desde que goberna o PSOE, pois os houbo sempre, aínda que se facían distintos plans con nomes diferentes cando chegaban os cartos do Estado, pois para iso naceron as Deputacións, especialmente para axudar aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Engade que aínda non se "*quitou a contratación*" ningunha obra do POS+2019 "*dende o ano pasado*", polo que o investimento, na súa opinión, quedaría máis ou menos nas mesmas contías có gasto corrente (sobre 130.000 €). Por outra banda, coida que a provedores se vai pagando ben manifesta que o seu grupo vai votar a favor, pois considera que todas as obras propostas son necesarias, e xa estaban contempladas no orzamento para 2019, elaborado polo seu grupo. Opina, porén, que se quedaron moi curtos co complementario proposto, pois advirte "*de boa fe*" que cómpre redactar máis proxectos, incluso unha 3ª fase do saneamento de San



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Vicente, aínda que quedan as zonas máis difíciles, pois no Pleno da Deputación do venres pasado xa se aprobaron uns 137.000 € adicionais para Carral, “non vaia ser que os pille o touro”. Engade que pode haber baixas, polo que pide que teñan previsión. Ademais, considera que haberá Goberno e orzamentos do Estado, polo que terán que dar o que deben ao Concello, e sería bo que fosen redactando proxectos. Coida que o equipo de goberno pode decidir o oportuno, e manifesta que, aínda que se poderían propoñer outras obras, o seu grupo non está en contra das que sexan de interés para os veciños, pois sabe que non se pode atender a todo nun ano. Por último, reitera que, cando vaia sabendo información na súa condición de deputado provincial, avisará para que se vaian preparando máis proxectos, e engade que o orzamento total, se se lle engaden os complementarios, pasará a case 700.000 €.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, e por doce votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da Alternativa dos Veciños de Carral, dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, e dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE) , e coa abstención da señora concelleira non adscrita, aproba a proposta, adoptando os seguintes acordos:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:


A).- Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	7.557,66 €	0€	7.557,66 €
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0€	0€	0€
Subtotal pago a provedores	7.557,66 €	0€	7.557,66 €

B).- Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	97.944,77 €
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	0€
Subtotal gasto corrente	97.944,77 €

C).- Financiamento de investimentos:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Mellora de senda peonil para acceso á Área Recreativa da Brexa	37.701,79 €	0 €	37.701,79 €
Construción de muro de contención de granito e acondicionamento da contorna para aparcadoiro no lugar de Baceo (Santa Baia de Cañas)	38.895,01 €	0 €	38.895,01 €
Subtotal investimentos achega provincial 2020	76.596,80 €	0 €	76.596,80 €

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Acondicionamento do pavillón polideportivo municipal do Espiño	34.479,43 €	0€	34.479,43 €
Subtotal investimentos achega provincial 2019	34.479,43 €	0€	34.479,43 €


PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	0€	0€	0€

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D).- Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0€

E) Resumo:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	7.557,66 €		7.557,66 €
	Achega 2020	0€		0€
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	97.944,77 €		97.944,77 €
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)	0€		0€
C- INVERSIONES	Achega 2020	76.596,80 €	0€	76.596,80 €
	Achega 2019	34.479,43 €	0€	34.479,43 €
	Préstamo 2020	0€	0€	0€
D- REDUCCIÓN DÉBIDA	Préstamo 2020	0€		0€
TOTAL	Achega 2020	174.541,57 €	0€	174.541,57 €
	Achega 2019	42.037,09€	0€	42.037,09€
	Préstamo 2020	0€	0€	0€
	TOTAL	216.578,66€	0€	216.578,66€

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Novo saneamento en San Vicente de Vigo (fase 2) Carral	241.998,68 €
TOTAIS	241.998,68 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias (xa que foron solicitadas e/ou outorgadas, segundo se indica en cada caso no expediente).

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.


8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DE APROBACIÓN INICIAL, NO QUE CORRESPONDE AO CONCELLO DE CARRAL, DE ESTATUTOS PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA AGRUPACIÓN COS CONCELLOS DE ABEGONDO, BERGONDO E MIÑO PARA O SOSTEMENTO EN COMÚN DO POSTO DE TESOURARÍA, QUE OCUPARÁ UN/HA FUNCIONARIO/A DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, con sinatura electrónica do 11 de decembro de 2019, como segue:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Asunto: Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación inicial, no que corresponde ao Concello de Carral, de estatutos para a constitución dunha agrupación cos Concellos de Abegondo, Bergondo e Miño para o sostemento en común do posto de Tesouraría, que ocupará un/ha funcionario/a de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Logo de ver que os artigos 2 e 14 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional establece, no que se refire á función pública de Tesouraría, o seguinte:

“Artículo 2 Funciones públicas necesarias en todas las Corporaciones Locales

1.- Son funciones públicas necesarias en todas las Corporaciones Locales, cuya responsabilidad administrativa está reservada a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, las siguientes:

b) Intervención-**Tesorería**, comprensiva del control y la fiscalización interna de la gestión económico-financiera y presupuestaria, y la contabilidad, **tesorería y recaudación**. (...)

3. Corresponderán a los **funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional las funciones necesarias**, dentro de su ámbito de actuación, para garantizar el principio de transparencia y los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad económico-financiera.(...)

Artículo 14 Tesorería

1.- En las Corporaciones Locales cuya Secretaría esté clasificada en primera o segunda clase, existirá un puesto de trabajo denominado Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones enumeradas en el artículo 5 de este real decreto.

2.- Los puestos a que se refiere el apartado anterior, estarán reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional de la subescala de Intervención- Tesorería.


3.- Las Entidades Locales cuya Secretaría esté clasificada en clase 2.^a y 3.^a, podrán agruparse entre sí para el sostenimiento en común de un puesto único de Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones propias de este puesto de trabajo en todos los municipios agrupados.

4.- Las Entidades Locales cuya Secretaría esté clasificada en clase 3.^a podrán agruparse entre sí para el sostenimiento en común de un puesto único de Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones propias de tesorería-recaudación en todos los municipios agrupados.

Este puesto está reservado a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, de la subescala de Secretaría-Intervención.

Será aplicable a estas agrupaciones la misma regulación establecida para las agrupaciones de Secretaría e Intervención, en los artículos 9 y 12 de este real decreto.”.

Considerando que os artigos 165, 166 e 167 da Lei 5/1997, de 2 de xullo, de administración local de Galicia, prevén a agrupación para o sostemento en común dos postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional; e que o artigo 14 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, como se indicou, establece no seu punto 3º que “Las Entidades Locales cuya Secretaría esté clasificada en clase 2.^a y 3.^a, podrán agruparse entre sí para el sostenimiento en común de un puesto único de Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones propias de este puesto de trabajo en todos los municipios agrupados.(...)”



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Considerando o disposto nos artigos citados e a regulación contida nos artigos 11, 12 e 13 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal (agora nacional), que permiten a agrupación voluntaria de municipios cuxa secretaría sexa de clase segunda para o sostemento en común do posto de Tesouraría.

Atendendo a que, segundo a normativa básica de aplicación, corresponde ás corporacións locais realizar as modificacións necesarias para que o posto de tesouraría se clasifique pola Comunidade Autónoma como posto agrupado reservado á Subescala correspondente da Escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, debendo procederse á creación ou modificación do posto de Tesoureiro polo Pleno da Corporación, previa a dotación orzamentaria correspondente de conformidade co procedemento establecido pola lexislación de réxime local autonómica, a cal deberá aprobar a clasificación do posto e a súa inscrición no rexistro de posto de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Logo de ver que, mediante acordo plenario do 29 de novembro de 2019, o Concello de Carral acordou, no que lle incumbe, iniciar o expediente de creación dunha agrupación voluntaria intermunicipal con obxecto de soster en común o posto de Tesoureiro/a cos Concellos de Abegondo, Bergondo e Miño, remitir o acordo aos Concellos indicados, aos efectos da realización das negociacións necesarias para a posible agrupación das Tesourarías dos catro concellos, e designar ao señor Alcalde-Presidente, coma representante do Concello de Carral na Comisión paritaria dos Concellos de Abegondo, Bergondo, Carral e Miño que se constituiría para entablar as negociacións tendentes á elaboración dos estatutos da agrupación e que estaría formada por catro membros, un por cada concello, asistidos polos secretarios/as e interventores/as dos respectivos concellos.


Logo de ver que, con data do 09 de decembro de 2019, se reuniu a devandita comisión paritaria e elaborou o texto definitivo dos estatutos que rexerán a citada agrupación (reunión da cal se levantou acta por parte da señora Secretaria do Concello de Baegondo).

Por todo o exposto, logo de ver a posibilidade de agruparse cos Concellos de Abegondo, Bergondo e Miño, en razón de todo o exposto e vista a regulación existente en relación ás agrupacións voluntarias para ou sostemento en común de postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional por parte do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e o Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal (agora nacional).

Á vista de todo o que antecede, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes

ACORDOS

- 1).**-Incoar, no que corresponde ao Concello de Carral, o expediente para a constitución da agrupación voluntaria dos Concellos de Bergondo, Abegondo, Carral e Miño para o mantemento en común do posto de Tesouraría.
- 2).**-Designar ao señor Alcalde (e coma suplente, a quen legalmente o substitúa) coma representante do Concello de Carral na xunta administrativa da agrupación.
- 3).**- Aprobar inicialmente o proxecto de estatutos da agrupación que se axhegan coma anexo.
- 4).**- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e secundar a solicitude por parte do Concello de Bergondo, coma



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

cabecera da agrupación, do informe da Deputación Provincial da Coruña e da Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia. Tales informes deberán ser emitidos no prazo dun mes, a partir da súa solicitude, entendéndose favorables de non recibirse no referido prazo.

Carral, 10 de decembro de 2019
O ALCALDE
Francisco Javier Gestal Pose

ANEXO

“ESTATUTOS DA AGRUPACIÓN VOLUNTARIA DOS CONCELLOS DE BERGONDO, ABEGONDO CARRAL E MIÑO DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA O SOSTEMENTO EN COMÚN DO POSTO DE TESOURERÍA.

Artigo 1. Disposicións xerais e entidades que integran a agrupación.

1.-Os Concellos de Bergondo, Abegondo, Carral e Miño, da provincia da Coruña, constitúense nunha agrupación voluntaria para o sostemento en común do posto de Tesourería en virtude do disposto no artigo 14 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2.-A Agrupación constituída rexerese polos presentes Estatutos e polas disposicións legais vixentes, e carecerá de personalidade xurídica distinta das Entidades que a forman.

3.-A cabeceira da Agrupación fíxase no municipio de Bergondo, con sede na súa Casa Consistorial, onde terá o seu domicilio legal a Xunta Administrativa da agrupación.

Artículo 2. Fins e posto de traballo que se agrupa.

A Agrupación ten como único obxecto dispor dun funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional para o servizo dos Concellos que a compoñen, e que terá os dereitos e obrigas xerais que a lexislación vixente establece, máis os especiais que se consignan nos presentes Estatutos.

Artigo 3. Organización.

1.-A Agrupación será xestionada por unha Xunta Administrativa, órgano Colexiado de goberno e administración con representación de todas as Entidades agrupadas.

Esta Xunta Administrativa estará integrada por cinco membros, designando o pleno de cada concello un membro e suplente por cada concello, contando con dous membros o concello de cabeceira.


Actuará como presidente/a da Xunta Administrativa da agrupación, o/a representante do concello da cabeceira e os restantes membros como vogais. Os vogais serán nomeados polos Plenos de cada Concello e o seu mandato terá a mesma duración que das súas respectivas Corporacións.

Actuará como Secretario/a da mesma o/a que o sexa do concello de cabeceira.

2.-As atribucións da Presidencia da Agrupación na súa calidade de alcalde/sa da cabeceira serán, en canto resulten aplicables e concretamente en materia de persoal, as contidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das dbses do réxime local.

3.-Serán competencias da Xunta Administrativa da agrupación:

O coñecemento e resolución de cantos asuntos podan presentarse no funcionamento da Agrupación, así como os que se lle atribúan por disposicións legais.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Velar polo cumprimento das obrigas da persoa que desempeña o posto de Tesourería e, no seu caso, a corrección do mesmo de acordo co establecido na normativa vixente para funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, previa instrución do correspondente expediente cando proceda.

- Coñecer e coordinar as licencias e permisos da persoa funcionaria que ocupe o posto de Tesourería e as súas substitucións.

4.-A Xunta administrativa rexerese polas normas de funcionamento de órganos colexiados contidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Artigo 4. Réxime do persoal

1.-O funcionario que presta servizos na Agrupación dependerá organicamente do municipio da cabeceira e seralle de aplicación o mesmo réxime que ao resto de persoal da Administración Local da que depende organicamente.

2.-Establécese que o funcionario da Agrupación asista aos concellos interesados de acordo co seguinte cadro:

Entidade Local	Días da semana
Concello de Bergondo	Luns
Concello de Abegondo	martes
Concello de Carral	mércores
Concello de Miño	xoves

Respecto aos venres asistará: o primeiro venres de cada mes ao concello de Bergondo; o segundo venres de cada mes ao concello de Abegondo; o terceiro venres de cada mes ao concello de Carral e o cuarto venres de cada mes ao concello de Miño. No caso de haber un quinto venres no mes, asistirá ao concello que corresponda segundo as necesidades dos concellos agrupados.

Os horarios de asistencia aos distintos concellos agrupados serán establecidos por cada un deles e poderán ser modificados por circunstancias do servizo ou pola existencia de distintos días festivos locais, tendendo sempre á proporcionalidade equitativa a cada concello. Sexa como fora, a presenza efectiva en cada concello non implica que non teña que desempeñar as funcións propias de cada concello os días que o requiran polos medios telemáticos que precise.

3.-O Tesoureiro/a realizará a xornada de traballo que sinalen as disposicións en vigor, distribuíndose entre as Entidades Locais agrupadas de forma igualitaria o tempo de traballo do posto de Tesoureiro/a nos catro concellos agrupados, de acordo coa xornada laboral aprobada en cada unha delas.

Exceptúanse deste réxime aqueles casos de suma urxencia, a xuízo do Tesoureiro/a, que esixa a presenza deste funcionario en calquera dos municipios agrupados.

4.-O réxime disciplinario da persoa que ocupe o posto que se agrupa, acomodarse ao disposto nas disposicións legais e regulamentarias vixentes e será exercido polo presidente da Agrupación na súa condición de alcalde da cabeceira e previo informe da Xunta da Agrupación.

Artículo 5: Retribucións.

1.-O réxime retributivo (retribucións, cotizacións á seguridade social e demais gastos derivados do funcionamento da Agrupación) acomodarse ao disposto na normativa de función pública para o persoal da administración local e distribuírse a partes iguais entre os catro concellos que conforman a agrupación.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2.-As retribucións básicas do posto de Tesourería serán as establecidas pola lexislación vixente.

3.-As retribucións complementarias do posto se corresponden coas retribucións complementarias do posto no concello de cabeceira. Ás mesmas engadirase o complemento de agrupación (60% do complemento de destino asignado ao posto; 15% cada un dos concellos agrupados, segundo sinala o artigo 8.1 do Real Decreto 861/1986).

4.-Calquera cambio nas retribucións fixarase pola Xunta Administrativa da Agrupación dentro dos límites legais, con ratificación de todos os Concellos agrupados.

Artigo 6. Recursos económicos da Agrupación.

1.-O Concello de Bergondo, comprométese a dotar economicamente o posto no orzamento anual de cada exercizo. Os Concellos de Abegondo, Carral e Miño comprométese a dotar e transferir anualmente ao Concello de Bergondo as cantidades que lles correspondan para o sostemento económico do posto agrupado. A correspondente transferencia efectuarase no primeiro trimestre do ano.

2.-A cantidade que cada entidade da Agrupación consigne anualmente nos seus respectivos orzamentos ordinarios para as atencións da persoa que ocupe o posto de funcionario da Agrupación e demais gastos derivados do funcionamento desta, constitúe o único recurso económico da Agrupación de conformidade coas disposicións legais vixentes.

3.-O pago que a cabeceira da Agrupación faga polas retribucións que correspondan á persoa que ocupa o posto de funcionario que se agrupa, as cotizacións ao réxime de Seguridade Social e demais gastos derivados do funcionamento do posto, será compensado por todas as entidades agrupadas segundo as seguintes porcentaxes:

Concello de Abegondo: 25%

Concello de Carral: 25%

Concello de Miño: 25%

Artigo 7 Réxime xurídico da Agrupación.

1.-En relación ao réxime de sesións e acordos da Xunta da Agrupación, esta reuniráse, cando menos e con carácter ordinario, unha vez ao ano, podendo realizar cantas sesións extraordinarias sexan necesarias para resolver os asuntos de interese da mesma, por instancia do Presidente ou de calquera dos membros da Xunta.


2.-O despacho dos asuntos correspondentes ás entidades atenderase pola persoa que ocupa o posto de funcionario da Agrupación sen preferencia para ningún deles, sen que isto implique a desatención ou menoscabo dos servizos.

En caso de urxencia ou forza maior, atenderase preferentemente á entidade afectada.

Artigo 8. Vixencia da Agrupación e causas de disolución e modificación da Agrupación.

1.-A Agrupación constitúese por prazo indefinido e terá efectos xurídicos desde o día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia da Resolución de aprobación da mesma polo órgano autonómico competente en materia de Administración Local.

2.-A disolución ou modificación da Agrupación constituída para o sostemento de persoal en común poderá iniciarse polas entidades locais interesadas, mediante acordo adoptado pola maioría que determine a normativa en materia de réxime local.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

No acordo de disolución farase constar a proposta de clasificación ou, de ser o caso, exención do posto resultante tras a disolución. No devandito acordo deberase fixar a cal das entidades locais quedará adscrita a persoa que estea a desempeñar o posto de funcionario con habilitación de carácter nacional na Agrupación.

En calquera caso deberá quedar garantida a prestación das funcións públicas necesarias.

3.-No caso de que o acordo plenario no que se aprobe a disolución non se adopte por todas as entidades integrantes da Agrupación, a entidade local que inste a disolución dará traslado do acordo ás entidades restantes para que no prazo dun mes e mediante acordo plenario presenten cantas alegacións consideren oportunas.

4.-Serán causas de disolución da Agrupación as seguintes:

- I.-A imposibilidade de prestar convenientemente as funcións públicas necesarias de forma illada a causa do aumento/diminución do volume de servizos ou recursos
- II.-O aumento ou diminución substancial da poboación ou da actividade administrativa,
- III.-Majores esixencias do servizo que reclamen a presenza do persoal da Agrupación no concello.
- IV.-A solicitude motivada de calquera dos membros de disolución e o acordo do resto de non continuar coa agrupación.

5.-Serán causas de modificación da Agrupación as seguintes:

- a).-A desagrupación dun municipio ou entidade local supramunicipal cando a Agrupación estea constituída por dúas ou máis entidades locais.
- b).-A agregación dun municipio ou entidade local supramunicipal

Artigo 9. Procedemento de modificación dos Estatutos.

A modificación destes Estatutos requirirá os mesmos trámites esixidos pola normativa de aplicación para a súa aprobación e constitución.


Disposición final única.

A Agrupación rexerese polas normas contidas nos Estatutos e no non previsto nestes, polo establecido no Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional; e polas disposicións que se diten en relación con este persoal en tanto que a Agrupación non se disolva legalmente.”.

No expediente constan os informes da Secretaría do Concello 16/2019, do 13 de decembro de 2019, e da Intervención do Concello, do 13 de decembro de 2019.

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 6/2019, extraordinaria, realizada o 13 de decembro de 2019, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, cos votos a favor dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV), do PSdeG-PSOE e da señora concelleira non adscrita (que supoñen nove votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordo plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV, 3 PSdeG-PSOE e 1 non adscrita) e coa abstención do señor representante do grupo municipal do PP (4 votos en voto ponderado, segundo o indicado).

O señor Alcalde explica a proposta, indicando que será o Concello de Bergondo o que dote a praza e que o Concello de Carral contribuirá economicamente ao sostemento



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

da praza co 25% dos seus custes, que haberán de transferirse no primeiro trimestre de cada ano.

DEBATE


O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) manifesta que, cando asistiu para ver a documentación da sesión, non viu o informe de Intervención, e que agora si está. Manifesta que lle estrana que a Interventora non estea nunha sesión do Pleno tan importante coma esta, do mesmo xeito que tampouco hai axentes da Policía Local. Engade que ten dúbidas, pois no devandito informe non se indica unha cantidade exacta de custes, senon aproximada. Por outra banda, agradece a asistencia de tres persoas no público e da prensa, mais coida que non se deu a panacea de que o salón estivese totalmente cheo por facer as sesións ás 20:30. Pídelle ao equipo de goberno que procuren non convocar plenos cando haxa un partido Real Madrid- FC Barcelona e chova, e que se “*deixen de demagoxia*”. Porén, indica que o seu grupo está de acordo con que se comparta o servizo de Tesouraría , mais reitera que lle estrana que no informe de Intervención só se indique unha cantidade aproximada.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, e por unanimidade dos votos favorables dos/as trece señores/as concelleiros que compoñen a Corporación e que se atopan presentes na sesión (os/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da Alternativa dos Veciños de Carral, os/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, os/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e a señora concelleira non adscrita) , aproba a proposta, adoptando os seguintes acordos:

- 1).**-Incoar, no que corresponde ao Concello de Carral, o expediente para a constitución da agrupación voluntaria dos Concellos de Bergondo, Abegondo, Carral e Miño para o mantemento en común do posto de Tesouraría.
- 2).**-Designar ao señor Alcalde (e coma suplente, a quen legalmente o substitúa) coma representante do Concello de Carral na xunta administrativa da agrupación.
- 3).**- Aprobar inicialmente o proxecto de estatutos da agrupación que se achegan coma anexo.
- 4).**- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e secundar a solicitude por parte do Concello de Bergondo, coma cabaceira da agrupación, do informe da Deputación Provincial da Coruña e da Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia. Tales informes deberán ser emitidos no prazo dun mes, a partir da súa solicitude, entendéndose favorables de non recibirse no referido prazo.

ANEXO



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

“ESTATUTOS DA AGRUPACIÓN VOLUNTARIA DOS CONCELLOS DE BERGONDO, ABEGONDO CARRAL E MIÑO DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA O SOSTEMENTO EN COMÚN DO POSTO DE TESOURERÍA.

Artigo 1. Disposicións xerais e entidades que integran a agrupación.

1.-Os Concellos de Bergondo, Abegondo, Carral e Miño, da provincia da Coruña, constitúense nunha agrupación voluntaria para o sostemento en común do posto de Tesourería en virtude do disposto no artigo 14 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2.-A Agrupación constituída rexerese polos presentes Estatutos e polas disposicións legais vixentes, e carecerá de personalidade xurídica distinta das Entidades que a forman.

3.-A cabeceira da Agrupación fíxase no municipio de Bergondo, con sede na súa Casa Consistorial, onde terá o seu domicilio legal a Xunta Administrativa da agrupación.

Artículo 2. Fins e posto de traballo que se agrupa.

A Agrupación ten como único obxecto dispor dun funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional para o servizo dos Concellos que a compoñen, e que terá os dereitos e obrigas xerais que a lexislación vixente establece, máis os especiais que se consignan nos presentes Estatutos.

Artigo 3. Organización.

1.-A Agrupación será xestionada por unha Xunta Administrativa, órgano colexiado de goberno e administración con representación de todas as Entidades agrupadas.

Esta Xunta Administrativa estará integrada por cinco membros, designando o pleno de cada concello un membro e suplente por cada concello, contando con dous membros o concello de cabeceira.

Actuará como presidente/a da Xunta Administrativa da agrupación, o/a representante do concello da cabeceira e os restantes membros como vogais. Os vogais serán nomeados polos Plenos de cada Concello e o seu mandato terá a mesma duración que das súas respectivas Corporacións.

Actuará como Secretario/a da mesma o/a que o sexa do concello de cabeceira.

2.-As atribucións da Presidencia da Agrupación na súa calidade de alcalde/sa da cabeceira serán, en canto resulten aplicables e concretamente en materia de persoal, as contidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das dbses do réxime local.

3.-Serán competencias da Xunta Administrativa da agrupación:


O coñecemento e resolución de cantos asuntos podan presentarse no funcionamento da Agrupación, así como os que se lle atribúan por disposicións legais.

Velar polo cumprimento das obrigas da persoa que desempeña o posto de Tesourería e, no seu caso, a corrección do mesmo de acordo co establecido na normativa vixente para funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, previa instrución do correspondente expediente cando proceda.

- Coñecer e coordinar as licencias e permisos da persoa funcionaria que ocupe o posto de Tesourería e as súas substitucións.

4.-A Xunta administrativa rexerese polas normas de funcionamento de órganos colexiados contidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Artigo 4. Réxime do persoal



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

1.-O funcionario que presta servizos na Agrupación dependerá organicamente do municipio da cabeceira e seralle de aplicación o mesmo réxime que ao resto de persoal da Administración Local da que depende organicamente.

2.-Establécese que o funcionario da Agrupación asista aos concellos interesados de acordo co seguinte cadro:

Entidade Local	Días da semana
Concello de Bergondo	Luns
Concello de Abegondo	martes
Concello de Carral	mércores
Concello de Miño	xoves

Respecto aos venres asistará: o primeiro venres de cada mes ao concello de Bergondo; o segundo venres de cada mes ao concello de Abegondo; o terceiro venres de cada mes ao concello de Carral e o cuarto venres de cada mes ao concello de Miño. No caso de haber un quinto venres no mes, asistirá ao concello que corresponda segundo as necesidades dos concellos agrupados.

Os horarios de asistencia aos distintos concellos agrupados serán establecidos por cada un deles e poderán ser modificados por circunstancias do servizo ou pola existencia de distintos días festivos locais, tendendo sempre á proporcionalidade equitativa a cada concello. Sexa como fora, a presenza efectiva en cada concello non implica que non teña que desempeñar as funcións propias de cada concello os días que o requiran polos medios telemáticos que precise.

3.-O Tesoureiro/a realizará a xornada de traballo que sinalen as disposicións en vigor, distribuíndose entre as Entidades Locais agrupadas de forma igualitaria o tempo de traballo do posto de Tesoureiro/a nos catro concellos agrupados, de acordo coa xornada laboral aprobada en cada unha delas.

Exceptúanse deste réxime aqueles casos de suma urxencia, a xuízo do Tesoureiro/a, que esixa a presenza deste funcionario en calquera dos municipios agrupados.

4.-O réxime disciplinario da persoa que ocupe o posto que se agrupa, acomodarse ao disposto nas disposicións legais e regulamentarias vixentes e será exercido polo presidente da Agrupación na súa condición de alcalde da cabeceira e previo informe da Xunta da Agrupación.


Artículo 5: Retribucións.

1.-O réxime retributivo (retribucións, cotizacións á seguridade social e demais gastos derivados do funcionamento da Agrupación) acomodarse ao disposto na normativa de función pública para o persoal da administración local e distribuírase a partes iguais entre os catro concellos que conforman a agrupación.

2.-As retribucións básicas do posto de Tesourería serán as establecidas pola lexislación vixente.

3.-As retribucións complementarias do posto se corresponden coas retribucións complementarias do posto no concello de cabeceira. Ás mesmas engadirase o complemento de agrupación (60% do complemento de destino asignado ao posto; 15% cada un dos concellos agrupados, segundo sinala o artigo 8.1 do Real Decreto 861/1986).

4.-Calquera cambio nas retribucións fixarase pola Xunta Administrativa da Agrupación dentro dos límites legais, con ratificación de todos os Concellos agrupados.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Artigo 6. Recursos económicos da Agrupación.

1.-O Concello de Bergondo, comprométese a dotar economicamente o posto no orzamento anual de cada exercizo. Os Concellos de Abegondo, Carral e Miño comprométese a dotar e transferir anualmente ao Concello de Bergondo as cantidades que lles correspondan para o sostemento económico do posto agrupado. A correspondente transferencia efectuarase no primeiro trimestre do ano.

2.-A cantidade que cada entidade da Agrupación consigne anualmente nos seus respectivos orzamentos ordinarios para as atencións da persoa que ocupe o posto de funcionario da Agrupación e demais gastos derivados do funcionamento desta, constitúe o único recurso económico da Agrupación de conformidade coas disposicións legais vixentes.

3.-O pago que a cabeceira da Agrupación faga polas retribucións que correspondan á persoa que ocupa o posto de funcionario que se agrupa, as cotizacións ao réxime de Seguridade Social e demais gastos derivados do funcionamento do posto, será compensado por todas as entidades agrupadas segundo as seguintes porcentaxes:

Concello de Abegondo: 25%

Concello de Carral: 25%

Concello de Miño: 25%

Artigo 7 Réxime xurídico da Agrupación.

1.-En relación ao réxime de sesións e acordos da Xunta da Agrupación, esta reuniráse, cando menos e con carácter ordinario, unha vez ao ano, podendo realizar cantas sesións extraordinarias sexan necesarias para resolver os asuntos de interese da mesma, por instancia do Presidente ou de calquera dos membros da Xunta.

2.-O despacho dos asuntos correspondentes ás entidades atenderase pola persoa que ocupa o posto de funcionario da Agrupación sen preferencia para ningún deles, sen que isto implique a desatención ou menoscabo dos servizos.

En caso de urxencia ou forza maior, atenderase preferentemente á entidade afectada.

Artigo 8. Vixencia da Agrupación e causas de disolución e modificación da Agrupación.


1.-A Agrupación constitúese por prazo indefinido e terá efectos xurídicos desde o día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia da Resolución de aprobación da mesma polo órgano autonómico competente en materia de Administración Local.

2.-A disolución ou modificación da Agrupación constituída para o sostemento de persoal en común poderá iniciarse polas entidades locais interesadas, mediante acordo adoptado pola maioría que determine a normativa en materia de réxime local.

No acordo de disolución farase constar a proposta de clasificación ou, de ser o caso, exención do posto resultante tras a disolución. No devandito acordo deberase fixar a cal das entidades locais quedará adscrita a persoa que estea a desempeñar o posto de funcionario con habilitación de carácter nacional na Agrupación.

En calquera caso deberá quedar garantida a prestación das funcións públicas necesarias.

3.-No caso de que o acordo plenario no que se aprobe a disolución non se adopte por todas as entidades integrantes da Agrupación, a entidade local que inste a disolución dará traslado do acordo ás entidades restantes para que no prazo dun mes e mediante acordo plenario presenten cantas alegacións consideren oportunas.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

4.-Serán causas de disolución da Agrupación as seguintes:

- I.-A imposibilidade de prestar convenientemente as funcións públicas necesarias de forma illada a causa do aumento/diminución do volume de servizos ou recursos
- II.-O aumento ou diminución substancial da poboación ou da actividade administrativa,
- III.-Maiores esixencias do servizo que reclamen a presenza do persoal da Agrupación no concello.
- IV.-A solicitude motivada de calquera dos membros de disolución e o acordo do resto de non continuar coa agrupación.

5. -Serán causas de modificación da Agrupación as seguintes:

- a).-A desagrupación dun municipio ou entidade local supramunicipal cando a Agrupación estea constituída por dúas ou máis entidades locais.
- b).-A agregación dun municipio ou entidade local supramunicipal

Artigo 9. Procedemento de modificación dos Estatutos.

A modificación destes Estatutos requirirá os mesmos trámites esixidos pola normativa de aplicación para a súa aprobación e constitución.

Disposición final única.

A Agrupación rexerese polas normas contidas nos Estatutos e no non previsto nestes, polo establecido no Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional; e polas disposicións que se diten en relación con este persoal en tanto que a Agrupación non se disolva legalmente.”.

Ás **21:03** horas, o Sr. Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval